

Información da OMIC do Concello de Ponteareas á cidadanía

Desde a Oficina de Consumo do Concello de Ponteareas (OMIC), queremos informar das novas medidas adoptadas polo Goberno para os consumidores, familias e sectores máis vulnerables no R. Decreto-Lei 11/2020, do 31 de marzo, sobre medidas urxentes e complementarias para facer fronte ao COVID-19.

Así mesmo, reforzáronse medidas do R. Decreto – Lei 8/2020 e ampliáronse as medidas ata un mes despois do cese do estado de alarma.

Algunhas das medidas que se adoptaron:

-A prohibición do desafiuzamento de inquilinos durante 6 meses dende o comezo do estado de alarma.

-Oferta de microcréditos a través do Instituto de Crédito Oficial para os inquilinos vulnerables e cun prazo de devolución de ata 10 anos, co fin de que poidan facer fronte ao pago do aluguer.

-Creación dun subsidio para empregadas de fogar afectadas polo cese do traballo e traballadores temporais.

-Reforzo dos dereitos dos consumidores na suspensión ou rescisión dos contratos, reembolso dos plans de pensións ou a protección contra a ludomanía.

-As empresas non poderán cortar a subministracións básicas na vivenda habitual da cidadanía no estado de alarma.

-En canto a dispoñibilidade dos plans de pensións:

Co fin de dotar de liquidez aos fogares, permítese a disposición, durante o prazo de seis meses a partires do 14 de marzo, dos plans de pensións no caso de desemprego ou peche do negocio, tamén poderán rescatar as aportacións os autónomos afectados polo COVID-19.

-O colectivo de empregadas do fogar:

Se non poden traballar como consecuencia do confinamento, aprobouse unha axuda do 70% da base reguladora da súa cotización a S.S., tendo dereito as traballadoras dadas de alta antes da entrada en vigor do estado de alarma, o pasado 15 de marzo, e que non presten os servizos para os que foron contratadas na súa totalidade ou en parte, sendo compatible con outras actividades, sen que neste caso, a suma das retribucións poida exceder do importe do Salario Mínimo Interprofesional. (950€).

Se as empregadas tiveron un contrato temporal de polo menos dous meses e este se extinguiu polo estado de alarma e non acada para ter dereito á prestación por desemprego, pode percibir un subsidio extraordinario equivalente ao 80% do importe mensual do IPREM, establecendo os requisitos de acceso en función das rendas do fogar.

-Moratoria hipotecaria:

O Goberno amplía a tres meses a moratoria concedida ás hipotecas, o banco non poderá cobrar nin a cota, nin os intereses dos préstamos.

As cotas suspendidas no se deberán liquidar unha vez finalizada a suspensión, todos os pagos futuros deberanse pospoñer segundo durara a mesma.

O prazo da suspensión pasa de 1 a 3 meses e nesta situación será bastante cunha declaración responsable do beneficiario sobre a súa situación clarificando que as cotas suspendidas non se aboaran ao rematar a suspensión, senón que todos os pagos restantes se pospoñen por idéntico período. Tamén se suman os autónomos entre os colectivos que poden beneficiarse desta moratoria.

Tamén establece unha moratoria nos créditos de consumo, coma por exemplo o da financiación dun vehículo.

E habilita ás corporacións locais para que utilicen o superávit de exercicios anteriores para adoptar medidas de apoio a colectivos vulnerables en materia de vivenda.

-Non se poderán cortar as subministracións básicas do fogar:

Mentres está en vigor o estado de alarma, as empresas non poderán suspender a subministración de enerxía eléctrica, gas e auga en ningún fogar, considerado vivenda habitual.

-En canto as vivendas en aluguer:

Establecese a suspensión dos lanzamentos para os fogares vulnerables e a prorroga dos contratos de aluguer e axudas para a vivenda habitual.

O Goberno pretende apoiar as familias que non poidan pagar o aluguer por encontrarse nunha situación de vulnerabilidade motivada polo COVID-19.

Te que quedar claro, que desde a entrada en vigor do estado de alarma se suspenden os desafiuzamentos durante 6 meses.

Renovaranse automaticamente os contratos de aluguer que venzan nos tres meses seguintes á entrada en vigor desta norma, esta prórroga será de 6 meses e en ela se manterán os termos e condicións do contrato en vigor.

Se o arrendador ten moitas vivendas en aluguer (entendese como tal o que posúa máis de 10 inmobles), establececese unha moratoria automática no pago da renda para

os inquilinos vulnerables. Esta moratoria no pago da renda prolongarase mentres dure o estado de alarma ou mentres persista a situación de vulnerabilidade, cun máximo de 4 meses. Unha vez superada a situación, o inquilino devolverá a cota ou cotas non aboadas nun período non superior a 3 anos e sen pagar intereses.

Cando o arrendador non posúa moitos inmobles, que é na maioría das ocasións, o inquilino sempre que se encontre en situación de vulnerabilidade, poderá solicitar un aprazamento no pago da renda e o arrendador terá 7 días para aceptalo, rexeitalo ou propoñer outra alternativa. No caso de non chegar a un acordo entre as partes, o inquilino terá acceso a un programa de axudas transitorias de financiación a custo 0, con aval do Estado. O inquilino poderá solicitar un crédito finalista, pagado directamente ao arrendador, polo importe de ata 6 mensualidades da renda de aluguer e a devolver nun período máximo de 10 anos, será un crédito sen intereses, se deberá solicitar nunha entidade bancaria e contará co aval do Instituto de Crédito Oficial do Estado.

Para as persoas que teñan problemas permanentes co pago do aluguer, establécese un novo programa de axudas directas ao aluguer sobre a vivenda habitual e non será incompatible coas outra citadas con anterioridade.

A norma incorpora un programa específico para as vítimas de violencia de xénero, persoas sen fogar e outras especialmente vulnerables, establecéndose unha axuda dun importe mensual, sempre cun límite do 100% da renda de aluguer e tamén un importe para o pago mantemento, luz, auga, gas...

-Ampliáanse os preceptores do bono social de electricidade:

Ao que poderán acollerse de maneira excepcional e temporal, as persoas físicas, na súa vivenda habitual, co dereito a contratar o Prezo Voluntario para o Pequeno Consumidor e que teñan uns ingresos iguais ou inferiores a determinados polo IPREM e acrediten ante a compañía eléctrica encontrarse afectados polas medidas de regulación de emprego, cesaran na súa actividade ou teñan reducida a súa facturación un 75% respecto do semestre anterior.

-Limitar a publicidade do xogo durante o estado de alarma:

Esta limitación pretende evitar o consumo de xogos de azar, que poderían derivar nunha adicción, sobre todo nestas semanas de confinamento.

-En canto aos viaxes:

Os usuarios poderán reclamar a devolución do diñeiro dos seus billetes ou cambio por un bono e viaxar con posterioridade e suspender o contrato sen penalización.

Concello de Ponteareas. Concellería de Saúde e Consumo.

O.M.I.C. Tfno: 986.640.000. Ext: 6. email: omic.ponteareas@xunta.gal